

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 29.09.2017 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 11895 (10/POC-002135)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre os problemas relacionados coa oferta educativa no IES Plurilingüe de Ames
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017
- 1.2 13180 (10/POC-002299)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis
Sobre a protección como vía cultural do Camiño real de Vilar de Fraga, no concello da Laracha
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017
- 1.3 14137 (10/POC-002564)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a situación na que se atopan os restos arqueolóxicos da igrexa de San Salvador, no lugar de Soutomerille, no concello de Castroverde, e a súa contorna, así como as medidas que vai adoptar o Goberno galego para melloralas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.4 14523 (10/POC-002701)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación cos resultados da participación dos centros

educativos nos programas Plurininfantil, Bachibac e Estrela PluriFP, as actuacións previstas para a súa mellora e o alcance dos obxectivos da Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, así como a posta en marcha dalgún tipo de avaliación para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado participante

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

- 2.1 1049 (10/PNC-000097)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a recuperación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da xestión directa dos comedores escolares, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun único modelo de comedor escolar para toda Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 2.2 13035 (10/PNC-001226)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co incremento do número de colexios aos que vai dirixido o programa de cooperación europeo CinED
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 2.3 13043 (10/PNC-001229)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a actualizar e simplificar o proceso de homologación de títulos non universitarios para o alumnado estranxeiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 2.4 15997 (10/PNC-001368)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prazos fixados para a tramitación das solicitudes correspondentes ao fondo solidario de libros de texto para o curso 2017-2018, así como o seu alcance actual



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.^a, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 11895(10/POC-002135)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre os problemas relacionados coa oferta educativa no IES
Plurilingüe de Ames

Publicación da iniciativa, 149, 20.07.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 13:10
Nº Rexistro: 11895
Data envío: 07/07/2017 13:10:33.210



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, relativa aos problemas sobre a oferta educativa detectados no IES Plurilingüe de Ames

Hai semanas que nais e pais de estudantes do IES Plurilingüe de Ames denuncia irregularidades co proceso de matrícula e o establecemento de itinerarios.

Estanse producindo problemas respecto á optatividade e a vinculación dunhas materias a outras, limitacións na capacidade de escolla do alumando e proposta de itinerarios que non garanten as demandas e necesidades reais do alumnado. Ademais, atópanse vulneracións cara a liberdade en materia de educación relixiosa.

Os **itinerarios** propostos pola dirección do centro do IES de Ames para o curso 2017-2018, en primeiro e segundo de Bacharelato, adoecen dos seguintes defectos de forma:

Non garanten o dereito do alumnado á libre elección de materias troncais de modalidade, ao non figurar entre elas, todas as que a lei prescribe para cada unha das modalidades que se ofertan neste centro. Para fundamentar este punto pode lerse:

Artigo 31 do DECRETO 86/2015 que di:

8. Só se poderá limitar a elección de materias de opción cando haxa un número insuficiente de alumnos e alumnas segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación.

Artigo 19 da RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan



instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17. Este artigo recolle literalmente o seguinte punto:

Artigo 19. Organización da oferta nos centros.

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro. Neste centro, a dirección obriga ao alumnado de segundo de Bacharelato a escoller unha terceira materia troncal de opción, cando iso limita o dereito a elixir optativas específicas e endurece un curso, xa de por sí duro, como é 2º de Bacharelato.

Ao ligar a elección de determinadas materias á obriga de cursar relixión, non garanten a liberdade relixiosa de pais e alumnado reflectida no artigo que recolle na DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO DECRETO 86/2015:

Disposición adicional terceira.

Ensinanzas de relixión 1. As ensinanzas de relixión incluíranse na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato de acordo co establecido nos artigos 13, 14, 30 e 31 deste decreto.

2. As administracións educativas garantirán que, ao inicio do curso, os pais, as nais ou os/as titores legais e, de ser o caso, os/as alumnos/as poidan manifestar a súa vontade de que estes/as reciban ou non ensinanzas de relixión

En resumo, as inconsistencias que se poden observar nos itinerarios propostos no centro son as seguintes:

Para 1º de Bacharelato:

- A aplicación dunha hora de reforzo obrigatoria ás materias optativas específicas de 3 horas (que pasan a ser de 4 horas) supón a conformación de itinerarios que forzan a desaparición das materias optativas de configuración autonómica.

En 2º de Bacharelato:



- Non se respecta o artigo 31 do DECRETO 86/2015, no que recolle a non restrición na oferta das materias optativas de modalidade, salvo ausencia de demanda (apdo 8).
- Os itinerarios propostos no impreso de matrícula impiden cursar como materias de modalidade, Xeoloxía, no itinerario de Ciencias, e Historia da Filosofía, no itinerario de Ciencias Sociais e Humanidades.
- Estes itinerarios forzan ao alumnado a escoller como optativa específica unha materia optativa de modalidade de 4 horas, endurecendo o Bacharelato a todo o alumnado e convertendo un dereito recollido na lei como opción do alumnado nunha obriga.
- Esta configuración de itinerarios provoca que materias optativas de libre configuración autonómica, como é o caso da materia de MÉTODOS ESTATÍSTICOS E NÚMERICOS, teñan que sumar unha hora de reforzo e cursarse obrigatoriamente con Relixión vulnerando, xa que logo o disposto na DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO DECRETO 86/2015

En **canto ao impreso** de matrícula obsérvanse as seguintes irregularidades:

Na última versión do impreso de matrícula, a redacción é confusa porque non se sinalan claramente as materias que se escollen con reforzo educativo, dando a entender que as materias poden variar a súa oferta horaria en función de distintas necesidades e inducendo desta forma á confusión das persoas que se matriculan.

No impreso de matrícula non se denominan as materias polo nome que lle corresponde. Isto é especialmente evidente no impreso de 2º de Bacharelato onde aparecen no apartado de materias específicas a totalidade das materias troncais de opción. E faise constar explicitamente no impreso a obrigatoriedade de cursar a materia de Métodos Estatísticos e Numéricos xuntamente con relixión.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 13:10
Nº Rexistro: 11895
Data envío: 07/07/2017 13:10:33.210



1. Cales son os motivos que xustifican a vulneración da normativa vixente?
2. Considera adecuado o Goberno galego a obrigatoriedade que se establece no centro de cursar relixión para algún itinerario determinado?
3. En cantos centros de ensino galegos se está obrigando aos alumnos a cursar a materia de relixión ao vinculala con outras materias?

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Boveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/07/2017 12:57:49

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/07/2017 12:57:56

Paula Quinteiro Araújo na data 07/07/2017 12:58:03

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 13180(10/POC-002299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre a protección como vía cultural do Camiño real de Vilar de Fraga, no concello da Laracha

Publicación da iniciativa, 159, 07.08.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:50
Nº Rexistro: 13180
Data envío: 27/07/2017 13:50:51.192



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo e María Dolores Toja Suárez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O patrimonio das vías culturais en Galicia é aínda bastante descoñecido e está pouco protexido, salvo os distintos Camiños de Santiago, cara aos que a Administración da Xunta de Galicia dirixiu todos os esforzos.

A actual Lei de patrimonio cultural de Galicia establece unha nova categoría de ben, as vías culturais, o que abre as posibilidades para proceder a unha máis efectiva protección dos distintos camiños.

Entre estas vías culturais destacan pola súa importancia as vías romanas, sobre as que hai notables investigacións pero acerca das que aínda queda moito por coñecer, incluso novos trazados ata de agora sen investigar.

Isto é o que está a pasar no concello de A Laracha. Alí existe un Camiño Real perfectamente documentado por fontes históricas, que atravesa a fraga de Vilar de Fraga na parroquia de San Pedro de Soandres e que coincidiría cun tramo da Vía XX romana, Per Loca Marítima.

Así o consideran especialistas como Carlos Nárdiz Órtiz, que no encontro organizado en maio deste ano polo Consello da Cultura Galega sobre as vías romanas en Galicia, puxo de manifesto a necesidade de protexer e recuperar este tramo como vía romana.

En estes momentos esta vía está sendo afectada gravemente pola construción dun campo de tiro olímpico en Vilar da Fraga sen que teña ningún tipo de medida de protección polo que vai ser moi modificada e incluso destruída.

O artigo 10 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia aparecen como ben a protexer as vías culturais entendidas como “a vía ou camiño de

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

características orixinais recoñecibles que forma parte ou que o formou no pasado da estrutura tradicional do territorio, cun relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropológico”. Dende este punto de vista entendermos que o camiño ao que nos referimos de Vilar da Fraga debe ser protexido como vía cultural.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Dirección Xeral de Patrimonio a afectación do Camiño real de Vilar de Fraga na parroquia de Soandres, concello de A Laracha pola construción dun campo de tiro olímpico?
2. Considera que é necesario facer novas investigacións para confirmar que coincide cun tramo da Vía XX romana?
3. Considera que esta vía cultural está realmente protexida?
4. Considera que debe ser protexida?
5. Considera que debería ser incluída no Catálogo de bens do patrimonio cultural de Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de xullo de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:50
Nº Rexistro: 13180
Data envío: 27/07/2017 13:50:51.192



 **Grupo Parlamentario**

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/07/2017 13:48:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/07/2017 13:48:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/07/2017 13:49:02

María Dolores Toja Suárez na data 27/07/2017 13:49:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 14137(10/POC-002564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación na que se atopan os restos arqueolóxicos da igrexa de San Salvador, no lugar de Soutomerille, no concello de Castroverde, e a súa contorna, así como as medidas que vai adoptar o Goberno galego para melloralas

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, sobre o estado dos BIC e da igrexa igrexa de San Salvador de Soutomerille, no Concello de Castroverde.

No Concello de Castroverde, a 6 quilómetros da cidade de Lugo e no Camiño Primitivo (catalogado como Patrimonio da Humanidade), atópase o lugar de Soutomerille. Un emprazamento histórico en ruínas do que se conservan:

- A Casa-torre, da que se descoñece a data de fundación e da que se conservan apenas algúns restos das primitivas dependencias, entre elas a porta de entrada á torre de arco de medio punto.

- A Torre de Arriba. Unha vivenda de tres alturas reedificada en 1590, con vestixios de fortaleza e orixe descoñecida. Conserva parte da fachada principal construída en cachotería e cadeirado de granito no cercado dos ocos. A torre é a parte máis antiga que se conserva mais na que, noutrora, houbo cárcere ademais de “soga e coitelo” como castigo. Catalogada como Ben de Interese Cultural (BIC) en 1994.

- A Torre de Abaixo. Atópase abandonada e en ruínas. Sitúase xunto á prerrománica e tamén abandonada igrexa de San Salvador de Soutomerille, reformada en 1619. A Torre de Abaixo foi catalogada como Ben de Interese Cultural en 1994.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 11:03
Nº Rexistro: 14137
Data envío: 10/08/2017 11:03:26.750

- O cemiterio, considerado o máis pequeno de Galiza, está realizado en cantería galega e atópase a carón dun castro: A Croa de Soutomerille.

Malia a catalogación como BIC das dúas torres e da importancia patrimonial do lugar no seu conxunto, rodeado por castiñeiros tricentenarios, o estado no que se atopa, incluída a igrexa de San Salvador, é ruinoso.

Salienta ao se aproximar ao lugar un valo que cerca o conxunto e que foi colocado polo Goberno da Xunta no ano 2009 para iniciar un proceso de recuperación e de rehabilitación en Soutomerille que, no entanto, nunca chegou a efectivizarse malia as continuadas denuncias de colectivos como a asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde. Así mesmo, tamén se teñen denunciado roubos no interior da igrexa de San Salvador por parte da parroquia.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentario do BNG presenta as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Coñece a Xunta de Galiza o estado no que se atopan a Casa da Torre, a Torre de Arriba e a Torre de Abaixo de Soutomerille (Castroverde)?

- Que opinión lle merece esta situación tendo en conta que se atopan no Camiño Primitivo, declarado Patrimonio da Humanidade?

- Son propiedade privada os inmóbeis da Casa da Torre, a Torre de Arriba e a Torre de Abaixo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 11:03
Nº Rexistro: 14137
Data envío: 10/08/2017 11:03:26.750

- De ser así, contactou nalgunha ocasión o Goberno galego cos seus propietarios para se interesar polo estado dos mesmos e as obrigas que a Lei de Patrimonio de Galiza lles esixe a respecto do seu mantemento e coidado?

- E en relación coa igrexa de San Salvador?

- Que foi do proxecto de recuperación que o Goberno galego tiña previsto acometer en Soutomerille en 2009? Por que se paralizou?

- Ten previsto acometer algunha actuación a Xunta de Galiza en Soutomerille como reclama Amigos do Patrimonio de Castroverde? E de posta en valor e divulgación deste espazo?

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 11:03
Nº Rexistro: 14137
Data envío: 10/08/2017 11:03:26.750

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/08/2017 10:55:04

María Montserrat Prado Cores na data 10/08/2017 10:55:12

Ana Pontón Mondelo na data 10/08/2017 10:55:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/08/2017 10:55:16

Noa Presas Bergantiños na data 10/08/2017 10:55:17

Xosé Luis Bará Torres na data 10/08/2017 10:55:20

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 14523(10/POC-002701)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación cos resultados da participación dos centros educativos nos programas Plurinfantil, Bachibac e Estrela PluriFP, as actuacións previstas para a súa mellora e o alcance dos obxectivos da Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, así como a posta en marcha dalgún tipo de avaliación para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado participante

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14523
Data envío: 25/08/2017 14:24:29.697



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Manuel Martínez Álvarez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Xunta de Galicia anunciou, a principios do mes de xuño deste ano, a posta en marcha da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 que parece ter como finalidade o teórico modelo plurilingüe do que parece que temos implantado con grande éxito en Galicia ás etapas de educación infantil e formación profesional, ademais do ensino universitario.

Para o próximo curso, tres parecen ser as medidas innovadoras dirixidas a distintas etapas educativas, a saber:

1. Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurinfantil), para o curso 2017/18 (DOG do 9 de xuño de 2017).
2. Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat, Bachibac, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18 (DOG do 19 de xuño de 2017).
3. Resolución do 29 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se publica o anuncio da resolución pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP), para o curso 2017/18 (DOG do 7 de xullo de 2017).

Todas as resolucións citadas teñen como obxectivo incorporar centros ás ensinanzas impartidas en linguas estranxeiras.

Así, no caso do programa Plurinfantil, o obxectivo é a incorporación de centros que xa teñen a denominación de plurilingües na etapa de educación primaria para que impartan ata un máximo dun terzo do horario nunha lingua estranxeira.

 Grupo Parlamentario

Para o programa Estrela PluriFP, é suficiente que o centro oferte algún módulo dalgún ciclo formativo tanto no primeiro como no segundo curso, non sendo necesaria unha porcentaxe mínima.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos a referimos, evidentemente, só ao que as ensinanzas en lingua estranxeira se determina e non ao resto das condicións, nomeadamente a capacitación do profesorado.

Os resultados da resposta acadada para estes programas pode cualificarse de moi modesta sendo benévolos ou de altamente decepcionante sendo obxectivos.

Así, de 261 centros que poderían ter participado no programa Plurininfantil, foron seleccionados 81 (o 31%); de 294 centros que poderían ter participado no programa Bachibac, foi seleccionado 1 (o 0,3 %) e de 263 centros que poderían ter participado no programa Estrela PluriFP foron seleccionados 7 (o 2,66 %).

Os anteriores son os datos de resposta a un dos programas estrela da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se nos atemos ás declaracións do Sr. conselleiro o día 1 de xuño deste ano.

Ante a situación exposta, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos resultados da participación dos centros nos programas Plurininfantil, Bachibac e Estrela PluriFP?

2ª) Que estratexia pensa seguir para mellorar os resultados de participación e así acadar os obxectivos previstos na Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020?

3ª) Ten a citada Consellería posto en marcha algún tipo de avaliación que permita coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos múltiples programas que veñen funcionando nos últimos cursos?

Pazo do Parlamento, 25 de agosto de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14523
Data envío: 25/08/2017 14:24:29.697



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 25/08/2017 14:17:56

María de la Concepción Burgo López na data 25/08/2017 14:18:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1049(10/PNC-000097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a recuperación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da xestión directa dos comedores escolares, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun único modelo de comedor escolar para toda Galicia

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, e a través do seu portavoz **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.^a, sobre a recuperación do servizo de xestión directa dos comedores nas escolas**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de privatización do servizo de comedores escolares alentado polo Decreto 132/2013 de 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria consagra unha visión utilitaria dos comedores, como un mero servizo complementario que favoreza a conciliación familiar, persoal e laboral. Un decreto que afonda nas enormes diferenzas entre os nenos e nenas de Galicia, toda vez, que da carta de natureza a unha multiplicidade de opcións na provisión do servizo que xeran un auténtico reino de Taifas. Así, nos últimos anos vemos que conviven comedores xestionados por ANPAs, con comedores xestionados por diferentes administracións públicas. E, en calquera dos casos, coexisten á súa vez dous modelos de xestión, ou tres se sumamos os acordos coas escolas de hostalería, absolutamente diferentes. Temos, por unha parte, comedores xestionados directamente, onde se mercan os produtos e se cociñan nas propias instalacións dos centros escolares, e outros nos que son empresas externas quen subministran os alimentos logo de procesalos a distancias do máis variable, pasando da casual proximidade a distancias de máis de mil quilómetros.



Especialmente preocupante é este último apartado onde os menús pouco saudables, exceso de precociñados e fritos de nulo valor nutricional, comida fría, plásticos de orixe descoñecida nas comidas, son algúns dos moitos exemplos de graves deficiencias que se repiten diariamente á hora da comida nas escolas dos nenos e nenas de Galicia que viron como se despedían ás persoas ocupadas na cociña para dar negocio a empresas privadas de catering. Exemplos que padecen máis de 2800 alumnas e alumnos galegos que reciben cada día comida de servizos de catering.

Non son casos illados, senón a norma. O 42% dos días hai incidencias comunicadas polos colexios co servizo de catering. Esas só as comunicadas, cantas pasan sen que teñamos noticia é unha incógnita. Son cifras que evidencian o fracaso do modelo privatizador do Partido Popular e cuxas consecuencias estamos lonxe de poder avaliar. Consecuencias que teñen a ver coa saúde das nosas fillas e fillos, vencelladas co abandono da dieta atlántica. Consecuencias, tamén, de abandonar a concepción educativa que, ó noso entender, debería ter o servizo de comidas nas escolas.

Dende En Marea defendemos a gratuidade total do ensino público, que para que sexa real debe incluír, tamén, a gratuidade dos mal chamados servizos complementarios. Defendemos un modelo de comedor escolar 100% público, con persoal contratado pola Consellería, elaboración dos menús da man de profesionais da mesma Consellería e que conte en cada centro educativo cunha persoa responsable do servizo. Un modelo de comedores que, ademais, teña en conta o seu potencial como fonte de riqueza dinamizando o comercio local, toda vez que debería centrarse en alimentos frescos e saudables, que aposten polo comercio de proximidade, tanto por cuestións de saúde como de educación alimentaria.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2016 13:20
Nº Rexistro: 1049
Data envío: 11/11/2016 13:20:39.388



Diante desta situación que prexudica tan gravemente a alimentación dos e das estudantes de Galicia, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que defenda o dereito de todos os nenos e nenas de Galicia a ter unha alimentación de calidade independentemente da escola na que estuden.
2. Que recupere o servizo de xestión directa por parte da consellería con competencias en materia de educación, consistente na elaboración por persoal laboral da Xunta de Galicia dos menús nas dependencias do centro escolar.
3. Faga un chamamento a toda a comunidade educativa para establecer unha mesa polos comedores escolares que permita consensuar un único modelo de comedores escolares para todo o país.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 11/11/2016 13:19:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/11/2016 13:19:58

Luis Villares Naveira na data 11/11/2016 13:20:08

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 13035(10/PNC-001226)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co incremento do número de colexios aos que vai dirixido o programa de cooperación europeo CinED

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 11:12
Nº Rexistro: 13035
Data envío: 24/07/2017 11:12:33.547

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

No pasado curso 2016-2017 dende o CGAI e Novos Cinemas lanzouse unha convocatoria a través do Plan Proxecta para participar en CinED e seleccionáronse 6 centros educativos das provincias da Coruña e Pontevedra.

A iniciativa foi moi existosa e realizáronse 11 pases de 4 películas no CGAI e no Teatro Principal de Pontevedra. Participaron 7 centros educativos, 6 deles a través do Plan Proxecta e 19 docentes en formación.

O CinED é un programa de cooperación europea a través do cal os mozos de entre 6 e 19 anos descubren a riqueza do cine europeo de autor e aprenden a gozalo. Este proxecto permite o acceso, de xeito gratuíto, a unha colección de grandes películas europeas para ser proxectadas exclusivamente en sesións educativas e sen finalidade comercial. Cada película, ademais vai acompañada de materiais pedagóxicos específicos que proporcionan as ferramentas necesarias para o descubrimento activo, creativo e reflexivo do cine.

Os materiais pedagóxicos responden a un dobre obxectivo:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 11:12
Nº Rexistro: 13035
Data envío: 24/07/2017 11:12:33.547

- despertar o interese polo cine e a capacidade de reflexión sobre as imaxes.
- propoñer pistas para abordar de forma transversal outros contidos curriculares, así como para coñecer e traballar as linguas europeas. Deste modo artículase un traballo co cine como arte privilexiada para descubrir o mundo, viaxar por lugares e culturas e épocas diferentes; reflexionar sobre a Historia e as historias, coñecer outras linguas, compartir as emocións e emocionarse.

Por todo iso dende o Grupo Parlamentario Popular e considerando que a riqueza deste programa debería chegar a máis mozos e mozas, é polo que presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incrementar o número de colexios aos que vai dirixido o programa de cooperación europeo (CinED) a través do cal os mozos de entre 6 e 19 anos descubren a riqueza do cine europeo de autor; para o que se procurará que esta iniciativa teña presenza nas catro provincias”.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/07/2017 11:06:07

Teresa Egerique Mosquera na data 24/07/2017 11:06:18

César Manuel Fernández Gil na data 24/07/2017 11:06:32

Maria Antón Vilasánchez na data 24/07/2017 11:06:36

Carlos Gómez Salgado na data 24/07/2017 11:06:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 11:12
Nº Rexistro: 13035
Data envío: 24/07/2017 11:12:33.547

Carlos Enrique López Crespo na data 24/07/2017 11:06:55

Antonio Mouriño Villar na data 24/07/2017 11:07:03

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/07/2017 11:07:11

Martín Fernández Prado na data 24/07/2017 11:07:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 13043(10/PNC-001229)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a actualizar e simplificar o proceso de homologación de títulos non universitarios para o alumnado estranxeiro

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 12:15
Nº Rexistro: 13043
Data envío: 24/07/2017 12:15:15.267

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A homologación de títulos é unha declaración de equivalencia de títulos, diplomas ou estudos estranxeiros con títulos españois para efectos académicos. De tal xeito que o alumnado procedente do estranxeiro precisa da homologación dos seus títulos para incorporarse ao sistema educativo galego.

Este procedemento de regulación, consonte á normativa vixente, conleva en moitos casos un longo proceso de presentación de documentos en diferentes instancias que provocan unha excesiva carga burocrática para o administrado.

A día de hoxe parece que, dado o avance social das novas ferramentas TIC, sería posible simplificar estes procedementos de homologación para, dese xeito, evitar a profunda carga burocrática que para o alumnado e as súas familias conleva o proceso de homologación de títulos.

Polo anteriormente exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a actualizar e simplificar, coa incorporación das novas tecnoloxías, o proceso de homologación de títulos non universitarios para o alumnado estranxeiro que quere realizar estudos na nosa Comunidade”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/07/2017 11:34:26

César Manuel Fernández Gil na data 24/07/2017 11:34:34

Teresa Egerique Mosquera na data 24/07/2017 11:34:39

Maria Antón Vilasánchez na data 24/07/2017 11:34:46

Carlos Gómez Salgado na data 24/07/2017 11:34:53

Carlos Enrique López Crespo na data 24/07/2017 11:35:00

Antonio Mouriño Villar na data 24/07/2017 11:35:07

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/07/2017 11:35:14

Martín Fernández Prado na data 24/07/2017 11:35:21

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 15997(10/PNC-001368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prazos fixados para a tramitación das solicitudes correspondentes ao fondo solidario de libros de texto para o curso 2017-2018, así como o seu alcance actual

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:01
Nº Rexistro: 15997
Data envío: 11/09/2017 13:01:37.786

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre os prazos administrativos que rexen a participación no fondo solidario de libros de texto para o curso 2017/2018.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2009 a Consellaría de Educación, en mans do Partido Popular, substituíu o sistema de préstamo universal de libros implantado polo goberno bipartito (2005-2009) por un sistema de cheques axuda dunha contía entre 90 e 190 euros.

No ano 2014 estas axudas, inicialmente concibidas para a compra de material escolar, foron restrinxidas á adquisición exclusiva de manuais e en 2015, ano electoral, a Xunta iniciou a progresiva implantación dun plan de préstamo semellante ao que suprimira entre enormes críticas en 2009.

No presente curso, a través da ORDE do 16 de maio de 2017, publicada o 22 dese mesmo mes no DOG, a Consellaría de Educación xeneralizou o préstamo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:01
Nº Rexistro: 15997
Data envío: 11/09/2017 13:01:37.786

de libros de texto creado co Fondo solidario ao conxunto do ensino obrigatorio, agás os dous primeiros cursos de Primaria, para 2017/2018.

Porén, de acordo cos prazos fixados pola administración as familias non coñecerán até o 15 de setembro (4 días despois de se iniciar o curso académico) a listaxe de libros que lles serán empréstados e, polo tanto, aqueles outros que deberán encargar nas librarías.

O proceso de tramitación das solicitudes e os actos de xestión das mesmas é, de acordo coa Orde do 16 de maio de 2017, unha tarefa que corresponde ás direccións dos centros de ensino mais que desenvolven a través dunha aplicación informática fornecida pola Xunta de Galiza que determina, en función da renda familiar, o número de libros que corresponden a cada solicitante.

Os prazos previstos, denuncian as familias, poden demorar a adquisición do conxunto do material didáctico até o mes de outubro causando prexuízo ao estudantado que non conte con el durante as primeiras semanas lectivas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir que o sistema de préstamo de libros permita ao alumnado contar con todo o material necesario ao inicio do curso académico así como avanzar nun sistema universal que abranga, alén do conxunto do estudantado, todos os niveis de ensino obrigatorio.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:01
Nº Rexistro: 15997
Data envío: 11/09/2017 13:01:37.786

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 12:58:05

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 12:58:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 12:58:17

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 12:58:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:01
Nº Rexistro: 15997
Data envío: 11/09/2017 13:01:37.786

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 12:58:20

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 12:58:29